

IRÈNE JOLIO CURIE

Irène Joliot Curie, naceu o 12 de setembro de 1897 en París. Foi a primoxénita do matrimonio formado por Marie Curie (Premio Nobel de Física en 1903 e de Química en 1911) e de Pierre Curie (Premio Nobel de Física en 1903), quen falece cando ela tiña nove anos.

Irène recibe unha educación orixinal e sen prexuízos, pois a súa nai consegue poñer en marcha unha especie de “cooperativa de ensino”: coas súas amizades intelectuais, científicas e artistas repártense as clases que dan ás súas crianzas, segundo as súas especialidades e competencias. A docencia impartíase nas casas, nos laboratorios, en museos ou en salas de teatro e concertos. Ata 1910 non ingresa nunha escola oficial.

En 1914, ano no que Francia entra na I Guerra Mundial, Irène obtén o título de Bacharelato e, despois de conseguir o diploma de enfermeira, reúnese coa súa nai nas zonas dos combates e xuntas crean un sistema de radioloxía móbil composto de 60 unidades denominadas “as pequenas Curie”.

Ao remate da Guerra, Irène convértese na axudante da súa nai no Instituto do Radio á vez que obtén unha licenciatura en Matemáticas e Física. Logo virá o doutoramento, en 1925, cunha tese sobre o polonio, elemento químico descuberto polos seus pais. Ese mesmo ano, un mozo chamado Frédéric Joliot comezou a traballar no mesmo laboratorio que Irène. Namoraron e casaron, a pesar das reticencias de Marie Curie, que sospeitaba que Joliot, o único que quería, era aproveitarse do apelido Curie.

Mais a colaboración científica entre Irène e Frédéric foi total. O seu traballo centrouse no estudo das emisións radioactivas. En 1934, bombardeando aluminio con fontes de polonio, descubriron a radioactividade artificial, un achado que mereceu o Premio Nobel de Química en 1935.

Irène Joliot-Curie foi elixida subsecretaria de estado de Investigación Científica en 1936, cando o voto feminino aínda non estaba aprobado en Francia. Dez nos máis tarde asumiu a cátedra de Física Xeral e Radioactividade da Sorbona e a dirección do Laboratorio Curie do Instituto do Radio, epicentro da obra familiar.

Os Joliot- Curie formaron parte de varios movementos pacifistas e fixeron un importante labor de concienciación social -tanto da poboación como dos gobernos- sobre o perigoso uso da enerxía atómica con fins destrutivos.

Irène consagrou os dous últimos anos da súa vida ao deseño dun novo centro de investigación: o Instituto de Física Nuclear da Universidade de Orsay.

Morreu en 1956 de leucemia, a mesma enfermidade que vinte e dous anos antes provocara tamén a morte da súa nai.

Saúl Amoedo Alonso

1º Bacharelato A